

9 de xuño de 2009
Nota de prensa

Sorteo do Ouro 2009 de Cruz Vermella. COLABORA

O próximo día 23 de xullo na Cidade Autónoma de Ceuta terá lugar o Sorteo do Ouro de Cruz Vermella Española.

Como cada ano desde 1980, Cruz Vermella moviliza a voluntarios e voluntarias, socios e socias, traballadores e traballadoras, empresas e organizacións na venda de boletos do Sorteo do Ouro. Cun primeiro premio de 125 kilos de ouro, ou o seu contravalor en metálico, outros dous de 50 e 25 kilos respectivamente e mais de mil premios de menor cuantía, éste é un Sorteo excepcional, tanto para os participantes como para a entidade organizadora, Cruz Vermella.

A persoa que compra un boleto do Sorteo do Ouro está facendo algo mais que buscar a súa propia sorte. Coa súa acción permite que millóns de persoas en todo o mundo se poidan seguir beneficiando da labor de Cruz Vermella.

A Asemblea Local de Cruz Vermella en Boiro pide a túa colaboración. Non o dudes, axúdanos a financiar tódolos proxectos da organización dentro e fora das nosas fronteiras.